

# **1 Introdución**

A nosa lingua é o elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión na nosa comunidade. Isto é o que di o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo.

O Plan Xeral de Normalización da lingua galega, aprobado no Parlamento de Galicia en 2004, establece como un dos seus obxectivos conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.

No Plan Xeral para o uso da lingua galega no IES San Rosendo, recollido no seu PCC., priorízanse os seguintes obxectivos:

1. Achegamento da nosa lingua aos ámbitos académicos: contribuír a que a nosa lingua sexa un vehículo de comunicación normal en todos os ámbitos da vida académica do profesorado, alumnado e demais persoal.
2. Participación do alumnado e profesorado en actividades de fomento da nosa lingua. O emprego oral da nosa lingua é moi satisfactorio, pero o nivel de compromiso do alumnado e do profesorado non acada os mesmos resultados.
3. Achegamento da nosa lingua a todos os ámbitos sociais: ir máis aló do ámbito académico e, na medida das nosas posibilidades, potenciar o uso da nosa lingua en todos os ámbitos da nosa sociedade.
4. Valoración positiva do uso da lingua propia: fomentarase, mediante información e explicación argumentada e científica, na comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente, familias) para vencer toda clase de prexuízos cara o galego e potenciar actitudes favorables á galeguización na escola.
5. Mellora da competencia lingüística: Asegurar a utilización oral e escrita da lingua galega por parte de todo o persoal escolar para que poida desenvolverse na nosa lingua e buscando a forma máis axeitada a cada situación comunicativa.

Para a consecución de tales obxectivos, propónense as seguintes medidas:

1. Velar por que as comunicáñons e documentos do Centro se elaboren en lingua galega.
2. Conseguir que a producción documental e informativa do Centro se faga completa e naturalmente en galego.

3. Verificar o cumprimento da lexislación sobre o uso do idioma galego no tocante á Administración do centro, e se se dese o caso, localizar os atrancos que o dificulten para colaborar na súa superación.
4. Implicación do Claustro neste tipo de actividades.
5. Actividades extraescolares e complementarias que realcen e potencien o emprego da nosa lingua.
6. Participación en feitos sociais que potencien a nosa lingua.
7. Recuperar a nosa cultura e folclore tradicional.
8. Asesorar á Comunidade Escolar para facilitar a incorporación plena do idioma galego ás actividades docentes, procurando a adquisición de material didáctico apropiado e en función das posibilidades orzamentarias.
9. Levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do galego diversificada para os diferentes membros da comunidade educativa e que promova a análise crítica dos prexuízos existentes, tanto sobre a presenza escolar desta lingua coma sobre ela en xeral.
10. Difundir polas canles necesarias e axeitadas a terminoloxía, os estilos linguaxes de especialidade necesarias para que o persoal docente poida desenvolver en galego as súas funcións e tarefas.

Da mesma maneira, no Plan específico para o ensino en lingua galega, tamén no PCC., aparecen recollidos unha serie de obxectivos e medidas tendentes á súa consecución, que, de maneira xeral, podemos enumerar:

1. Ofrecer a todos os colectivos do centro que o desexen co ánimo de facilitarles información, apoio e axuda puntual sobre cuestións relacionadas coa práctica da lingua galega.
2. Tentar conseguir que o Equipo de Normalización funcione como unha canle de intercambio de informacións, materiais, experiencias e coñecementos relacionados coa cultura galega en xeral e co ensino en lingua galega en particular.
3. Espallar todas as novas que aparecen sobre a realidade galega e sobre a nosa lingua e literatura galega. (Nos taboleiros do centro e no de Normalización en particular.)

4. Fomentar o interese polo coñecemento e emprego da lingua como ferramenta espontánea e necesaria de comunicación.
5. Cultivar o interese pola literatura galega no marco ibérico, europeo e universal.
6. Conseguir que o IES se converta nun verdadeiro centro que fomente a estima da cultura en xeral e da galega en particular.
7. Traballar a prol da eliminación dos preconceptos lingüísticos entre todos os colectivos que conviven no Instituto.
8. Realizar actividades más concretas nos diferentes campos da nosa vida diaria:

**Cultural:** a revista do centro, correlingua, visitas a institucións públicas e privadas tanto do noso pobo como fóra del.

**Etnografía:** cine en galego (cinensino, lendas, refráns, adiviñas, contos curtos e populares.

**Obradoiros** de poesía e teatro en galego.

## 2 Breve análise sociolingüística

O noso centro de ensino, IES. San Rosendo, atópase nun enclave xeográfico moi propicio e favorecedor para o uso e aplicación da nosa lingua. Todos os estamentos relacionados co noso centro contribúen á expansión do idioma:

1. O persoal administrativo utiliza a lingua e fomenta o seu uso oral e escrito tanto nas relacións internas do centro coma as que manteñen con outros estamentos sociais, entidades públicas e privadas. Os documentos administrativos están redactados en galego igual cá súa publicidade (documentos económicos: recibos, facturas, inventarios, etc.; comunicación oral: comisións, reunións de traballo, etc...). Todo isto xunto coa rotulación interna e externa do centro, horarios, carteis, taboleiros de anuncios, prezos, menús do bar, calendarios, catalogación da Biblioteca, etc.; está escrito en lingua galega.
2. No noso contorno galego-falante, o reto maior segue a ser que os alumnos consoliden unha competencia plena na súa lingua e non abandonen o seu uso, sobre todo no plano oral. Na etapa da ESO este obxectivo adquire moita importancia, pois precisase contrarrestar a presión social en contra. A adquisición dunha boa competencia na segunda lingua (

o castelán) está moi favorecida pola amplísima presenza social e pola actitude positiva cara á súa aprendizaxe.

3. Na ESO e Bacharelato, impártense estudos de Lingua Francesa (que este ano implantouse como obrigatoria no 1º curso da ESO) e de Lingua Inglesa. No Bacharelato impártense as materias de Latín e Grego.
4. Ademais, como proba da preocupación do noso Centro polo fomento do coñecemento das línguas entre o alumnado, temos implantado este ano o noso primeiro proxecto de Seccións Europeas nas materias de Educación Física e Matemáticas nos cursos de 1ºESO e 1ºBAC. Está prevista a ampliación de máis materias cara o vindeiro curso 2008/2009.

### **3 Obxectivos xerais de planificación lingüística**

O obxectivo da planificación lingüística en calquera centro educativo e no noso en particular consiste en acadar resultados satisfactorios en 3 puntos:

1. A competencia.
2. O uso.
3. As actitudes lingüísticas do alumnado.

Os alumnos son os elementos básicos, non só os axentes pasivos, senón actores de cambio, sobre todo os que teñen ben adquiridos os 3 puntos anteriores.

A competencia en galego do noso alumnado, sobre todo as destrezas escritas, van en aumento. As actividades xuvenís escritas ( revistas, banda deseñada, cancións,...) realizanse totalmente en galego, ou maioritariamente, do mesmo xeito que é o galego a lingua das súas actividades asociativas e reivindicativas.

#### **3.1 O contexto sociolingüístico do centro**

No noso centro a lingua empregada habitualmente polas familias é o galego, así como a lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias (fóra da casa).

Logo vemos que a lingua empregada polo Concello e outras entidades asociativas do contorno tamén é, na súa maioría, o 99%, en galego.

### **3.1.1 A situación do profesorado**

No centro IES San Rosendo, contamos cun claustro de 46 profesores, dos cales o 99,9% son galego-falantes, agás algúin profesor interino ou substituto, os cales amosan unhas actitudes que non son negativas cara á súa actualización e reciclaxe da lingua galega, así como para a normalización da lingua.

### **3.1.2 A situación do alumnado**

Se nos centramos na situación dos nosos alumnos, como xa quedou dito anteriormente, a lingua utilizada habitualmente na súa vida cotiá é o galego así como tamén o é para os membros das familias. Por último, é a lingua utilizada no seu ámbito escolar con todos os membros da comunidade educativa.

Polo que respecta á normalización social do galego, o alumnado aparece moi concienciado coa lingua galega e coa cultura galega en xeral. Á parte disto, contamos con pouco alumnado inmigrante: 7 alumnos marroquís, dos cales, 2 alumnos escolarizados en 3º ESO con adaptación curricular en Inglés, Lingua Galega e Castelá, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais, Matemáticas. O nivel é de primaria e reciben apoio polas profesoras de P.T e A.L. Están integrados na aula ordinaria en Educación Física, Optativa de Taller de Iniciativas Emprendedoras, Atención Educativa, Titoría, etc., e 3 alumnos escolarizados en 1º ESO con adaptación curricular en Inglés, Lingua Galega e Castelá, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais, Matemáticas. O nivel é de primaria e reciben apoio polas profesoras de P.T e A.L, e acoden a Educación Física, Titoría, Proxecto Interdisciplinar, Atención Educativa, etc.

Unha alumna escolarizada en 1º ESO que está recibindo reforzo educativo polos profesores da área.

Un alumno escolarizado en 2º ESO que segue o currículo do grupo ordinario ó que pertence.

## **3.2 Conclusíons**

Despois de vistos os puntos anteriores, profesorado, alumnado, familia e centro, diremos que todo iso vese favorecido polo enclave xeográfico do IES San Rosendo, que se atopa nunha vila pequena con todos os factores positivos para o desenvolvemento da lingua.

## **4 Materias impartidas en Lingua Galega no noso centro**

Na ESO impártense:

- Ciencias da Natureza
- Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.
- Matemáticas.
- Lingua galega e Literatura
- Ética
- Física e Química
- Inglés ( en inglés e galego)
- Tecnoloxía
- Educación plástica e visual (en galego e castelán)
- Educación Física ( en inglés e galego)
- Relixión
- Francés (en francés e galego)
- Prácticas Agrarias.

Nos cursos de Bacharelato impártense en lingua galega:

- Lingua galega e literatura
- Educación Física (inglés e galego)
- Relixión
- Alternativa á Relixión
- Filosofía
- Historia
- Bioloxía e Xeoloxía

- Ciencias da Terra
- Física e Química
- Matemáticas
- Métodos Estatísticos e Numéricos
- Debuxo Técnico (galego e español)
- Historia do Mundo Contemporáneo
- Matemáticas aplicadas ás CC.SS
- Xeografía
- Tecnoloxía Industrial
- Historia da música
- Música
- Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía

Polo que respecta ós Ciclos Formativos,

- Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos I e II
- Traballo forestal e Conservación do Medio Natural (Oferta modular Adultos)

Por riba de todo o dito, tamén o IES San Rosendo conta coas denominadas Seccións Bilingües que son acollidas pola asignatura de Educación Física en 1º ESO e 1º de Bacharelato, a cal é impartida nun grupo en inglés e noutro en galego.

## 5 Actividades a desenvolver

1. Celebración do magosto con xogos populares, concurso de cabazas, xinkana, exposición de cogumelos e taller de pintura de caras, coa participación de todo o alumnado, pais e nais, e os departamentos de Plástica, Educación física, Galego e Normalización.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2 e 3 do PCC e co 1, 2, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

2. Celebración do Festival de Nadal (elaboración de panxoliñas e recitado das mesmas, bailes, cancións, etc.) coa participación de todo o alumnado, pais e nais, e os departamentos de Plástica, Educación física, Galego e Normalización.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2 e 3 do PCC e co 1, 2, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

3. Celebración do Entroido con concurso de disfraces, concurso de contos curtos coa temática do Entroido, elaboración de carantonas en coordinación co Departamento de Plástica coa participación de todo o alumnado, pais e nais, e os departamentos de Relixión, Ciencias sociais, Educación física, Galego e Normalización.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2 e 3 do PCC e co 1, 2, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

4. Celebración do día das Letras Galegas coa elaboración dun marcapáxinas para conmemorar a figura do homenaxeado coa participación de todo o alumnado, e os departamentos de Linguas, Biblioteca escolar e Normalización.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5 do PCC e co 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

5. Asistencia ó Correlingua 2009 coa participación de todo o alumnado, pais e nais, e os departamentos de Plástica, Educación física, Galego e Normalización.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5 do PCC e co 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

6. Elaboración da revista *O son da Paula* e traballar sobre a prensa escolar no centro coa participación de todo o alumnado, pais e nais, e todos os departamentos.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5 do PCC e co 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

7. Actuación dun contacontos coa participación de todo o alumnado, e os departamentos de Lingua galega e inglesa e Normalización.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5 do PCC e co 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

8. Realización de murais, recitais poéticos, obras de teatro, exposición de láminas, fotografías, traballos colectivos que elaboramos con material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático do noso centro coa participación de todo o alumnado e todos os departamentos.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5 do PCC e co 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

9. Integración do alumnado inmigrante en galego. Adquisición de material de audio y bibliográfico coa participación dos departamentos de Linguas, Biblioteca escolar, Orientación e Normalización.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5 do PCC e co 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

10. Intercambio lingüístico coa Escola secundaria Doutor Julio Martins (Portugal) coa finalidade de aprendizaxe de linguas extranxeiras, necesidade que vai ligada ao progreso científico e tecnolóxico que tanto demanda a sociedade actual e ao mesmo tempo serve de protección contra todas as formas de racismo e xenofobia e para coñecer a experiencia directa da realidade doutros países. coa participación do alumnado, dos departamentos de Linguas, Ciencias sociais e Normalización.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5 do PCC e co 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

11. Intercambio lingüístico con alumnado francés. coa finalidade de aprendizaxe de linguas extranxeiras, necesidade que vai ligada ao progreso científico e tecnolóxico que tanto demanda a sociedade actual e ao mesmo tempo serve de protección contra todas as formas de racismo e xenofobia e para coñecer a experiencia directa da realidade doutros países. coa participación do alumnado, dos departamentos de Linguas, Ciencias sociais e Normalización.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5 do PCC e co 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

12. Participación no proxecto Pasaporte europeo das linguas coa finalidade de aprendizaxe de linguas extranxeiras, necesidade que vai ligada ao progreso científico e tecnolóxico que tanto demanda a sociedade actual e ao mesmo tempo serve de protección contra todas as formas de racismo e xenofobia e para coñecer a experiencia directa da realidade doutros países. coa participación do alumnado, dos departamentos de Linguas, Ciencias sociais e Normalización.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5 do PCC e co 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

13. Participación no proxecto Ponte nas Ondas coa participación do alumnado, de todos departamentos.

A finalidade da actividade relacionase co obxectivos 1, 2, 3, 4 e 5 do PCC e co 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do Plan Específico para o ensino en Lingua Galega.

Mondoñedo, a 2 de outubro de 2008  
Asdo.: A COORDINADORA DO ENDL  
Áurea Ramil Díaz  
Asdo.: A DIRECTORA  
María José Cuesta Fernández